

DON LUIS CARLOS LÓPEZ VÁZQUEZ, AUXILIAR-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE COVELO (PONTEVEDRA), ACTUANDO COMO SECRETARIO DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES NA MODALIDADE DE CONCESIÓN

C E R T I F I C O: Que con data 2 de decembro de 2014 reuniuse a Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato de xestión do Servizo Público de Axuda no fogar para persoas dependentes na modalidade de concesión, da que se levantou a seguinte ACTA:

“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA DOS SOBRES “B”

Reunidos no Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Covelo, o día 2 de decembro de 2014, ás 12:00 horas, constitúese a Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato de xestión do Servizo Público de Axuda no fogar para persoas dependentes na modalidade de concesión, formada por:

Cargo	Titular
<i>Presidente</i>	José María Vázquez López (que substitúe ó Alcalde Presidente)
<i>Vocais</i>	M ^a Jesús Rodríguez Freire (Secretaria-Interventora)
	Francisco Rocha Rodríguez (Concelleiro de Asuntos Sociais)
	M ^a Soledad González Arjones (Concelleira de Cultura)
	María Posada Lorenzo (Educadora Familiar)
<i>Secretario</i>	Luis Carlos López Vázquez (que substitúe ó Tesoureiro do Concello)

O obxecto da presente reunión é proceder á apertura dos sobres “B” das empresas definitivamente admitidas, que son as que se relacionan a continuación:

- SALUVI PEDROSO Y ROJAS.
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.
- ATENDO CALIDADE S.L.

Despois da apertura dos sobres, non se observou ningún defecto e todas elas presentan o correspondente Proxecto Técnico. En consecuencia, se decide solicitar Informe a Dna. Nuria Barciela Ledo, Traballadora Social designada polo Colexio Oficial de Traballadores Sociais de Galicia, para que proceda á súa valoración de acordo cos criterios e coa ponderación establecidos no Prego.

A data para a apertura pública dos sobres “C”, unha vez valorados os sobres “B” polos servizos técnicos, será o vindeiro mércores, día 10 de decembro de 2014, ás 11:00 horas.

O Presidente da por rematada a reunión ás 12:19 horas.

E para que quede constancia do tratado, eu o Secretario, redacto a Acta que someto á sinatura do Presidente e Vogais, Dou fe.

En Covelo, a 2 de decembro de 2014”

E para que conste e ós efectos oportunos, expido e asino a presente, en Covelo, a 4/12/14.

O SECRETARIO DA MESA DE CONTRATACIÓN

